Equipo docente

David Cobas Medín

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela.

Profesor de galego para adultos e do persoal ao servizo das Administracións públicas da Xunta de Galicia. Colabora cos programas de formación de diversas entidades públicas e tamén para a empresa privada, impartindo cursos relacionados coa capacitación lingüística, a redacción de documentos administrativos, xurídicos e científicos, entre outros.

Manuel Bermúdez Blanco

Licenciado en Filoloxía Galega pola Universidade de Santiago de Compostela.

Responsable da Área de Asesoramento Lingüístico do Servizo de Normalización Lingüística da Universidade de Santiago de Compostela. Profesor do Programa de Formación de Profesorado e de PAS da Universidade de Santiago. Colabora con entidades públicas e privadas na formación en relación á comunicación, a corrección lingüística e a creación de presentacións eficientes. Autor de guías de linguaxe científica e administrativa. Coautor do Manual de Linguaxe Non Sexista da Universidade de Santiago.

CURSO DE REDACCIÓN CIENTÍFICA

COORDINADORA

María Teresa Diaz

PROFESORADO

Manuel Bermúdez Blanco

David Cobas Medín

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

GE Gramática do Español

RieS Rede de Inmigración, Escola e Sociedade

FEDER Fondo Europeo de Desarrollo Regional

UNIÓN EUROPEA "Una manera de hacer Europa"

Curso de Redacción Científica

25 horas (12 presenciais, 10 de traballo persoal e 3 de avaliación)

Descrición

Este curso está destinado a **mellorar a competencia escrita do persoal investigador**, sobre todo daquel que se atopa no proceso de redacción dun documento científico: artigo, TFG, TFM, PFC, teses, etc. Atenderase especialmente a cuestións como as principais **características da redacción científica**, **a corrección gramatical**, **o deseño e a estrutura do documento**, **a coherencia na aplicación de elementos especiais** (citas, referencias bibliográficas, tipografías, etc.) e os recursos para a revisión do texto.

Intentarase trasladar a idea de que **unha boa redacción e presentación** do traballo científico **mellora o proceso investigación en si**, xa que realmente esta remata cando a comunidade científica é quen de comprendela e aplicala se for necesario. Ademais ofrecerase unha panorámica da redacción científica no ámbito internacional, co fin de establecer parámetros de calidade que sirvan para coñecer cales son os requisitos que se lle poden exixir ao alumnado á hora de publicar os seus traballos científicos.

Cronograma

Data	Nº de sesión	Tipo	Nº de horas	Horario
13 de novembro	1	Presencial	3	17:00 a 20:00
15 de novembro	2	Presencial	3	17:00 a 20:00
20 de novembro	3	Presencial	3	17:00 a 20:00
22 de novembro	4	Presencial	3	17:00 a 20:00
Do 23 de novembro ao 3 de decembro		**Traballo persoal**	**10**	
11 de decembro	5	Avaliación grupo 1	3	17:00 a 20:00
13 de decembro	5	Avaliación grupo 2	3	17:00 a 20:00

Programa

Introdución

1. Presentación
2. Fundamentos para unha comunicación eficaz no ámbito científico
3. Coñecementos, habilidades e estratexias para a composición
3.1. Propiedades textuais
3.2. Outras habilidades: elaboración de ideas, esquemas, fichas...

Deseño

4. Deseño do documento científico. Modelos
5. Estilos, índices automáticos, espazados, saltos...

Redacción

6. As unidades textuais
6.1. As unidades superiores ao parágrafo. Estrutura do documento científico
6.2. Análise dos contidos do documento científico
6.3. O parágrafo
6.4. A frase

7. A palabra

8. Elementos especiais no texto:
8.1. Notas a rodapé
8.2. A citación textual
8.3. Elementos tipográficos
8.4. Táboas, imaxes, cadros e obxectos
8.5. Abreviaturas, siglas, acrónimos e símbolos

9. A revisión do texto
9.1. Revisión de contidos
9.2. Revisión lingüística: ortografía, morfoloxía, sintaxe, puntuación e léxico.
9.3. Recursos de revisión: correctores e tradutores, dicionarios, vocabularios especializados...